

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIO/A

D.D^a TABOLEIRO DE ANUNCIOS MUNICIPAL

Pola presente PUBLÍCASE o literal do Decreto Nº 672/2025 de data 10-11-2025 no que se convoca a **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE 13 DE NOVEMBRO DE 2025**.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 13/11/2025

EXPEDIENTE Nº 2025/G010/000013

“Descrición decreto: EXPEDIENTE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE 13 DE NOVEMBRO DE 2025

EXPEDIENTE Nº 2025/G010/000013

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 10.11.2025, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membro do Pleno da Corporación á **sesión extraordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casas Consistorial, o próximo xoves **día 13.11.2025 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

ÚNICO.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 24/2025 MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANCIAR O PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA AVDA. DE FERROL ENTRE AVDA. LOMBARDEIRO E RÍA DE ARES. PRÉSTAMOS INSTITUTO GALEGO VIVENDA E SOLO.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no



taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)."

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).